MARÍA JOSEFA WONENBURGER PLANELLS.
Matemática.

María Josefa Wonenburger Planells (Montrove, 19 de xullo de 1927). Matemática coruñesa de categoría internacional. Desenvolveu o seu labor de investigación fundamentalmente nos Estados Unidos e en Canadá.

Seus pais foron Julio Wonenburger (con devanceiros alsacianos) e Amparo Planells (de ascendencia valenciana). Estudou bacharelato no Instituto Eusebio da Garda da Coruña. Entre as súas afeccións destacaron o hóckey a patíns, o baloncesto e a música de Bach. Na súa xuventude tamén estudou inglés e alemán.

A súa familia pretendía que estudase enxeñería para continuar co negocio familiar de fundición que tiñan na Coruña, no entanto, en 1950 acadou a licenciatura en Matemáticas na Universidade Central de Madrid, onde tivo como profesor ao matemático aragonés Julio Palacios. Tamén alí conseguiu o doutoramento cunha tese dirixida por Germán Ancochea e Tomás Rodríguez Bachiller.





Parque de Santa Margarida. A Coruña.

OBRA

As investigacións de María Wonenburger centráronse principalmente na teoría de grupos e na álxebra de Lie.

Traballou en diversas universidades de Canadá e dos Estados Unidos onde publicou os seus traballos e dirixiu un importante número de teses de doutoramento. Entre os seus doutorandos destaca o agora coñecido alxebrista Robert Moody; o traballo de ambos deu lugar á Teoría de Kac-Moody da que é considerada coma a súa nai.

ALGÚNS RECOÑECEMENTOS DOS ÚLTIMOS ANOS EN GALICIA:

No 2007 a Unidade Muller e Ciencia de Galicia creou o Premio María Wonenburger para recoñecemento daquelas mulleres galegas con traxectorias notables no ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Foi investida Doutora Honoris Causa pola Universidade da Coruña en 2010, o mesmo ano en que o Consello da Cultura Galega lle rendeu homenaxe nunha xornada dedicada ao seu labor.

O 1 de xuño de 2011 colocouse no Paseo das Ciencias do Parque de Santa Margarida da Coruña, un monólito na súa honra.

En xuño de 2012 foi inaugurada co seu nome unha zona verde de máis de 10 000 metros cadrados en Montrove (Oleiros). A matemática non puido acudir a inauguración por cuestións de saúde.

Lucía López Souto e Patricia Montáns García. 3º ESO-A

Fontes:

http://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADa_Wonenburger
http://www.culturagalega.org/album/docs/sobre%202.pdf
http://www.amecopress.net/spip.php?article5313
http://noticiariomatematico.blogspot.com.es/2011/06/homenaje-la-gran-matematica-maria.html

DOMINGO FONTÁN RODRÍGUEZ. Xeógrafo, físico e matemático.



Domingo Fontán Rodríguez, fillo de Rosendo Fontán Oliveira de Sebastiana Domínguez Blanco, naceu o 17 de abril de 1788 en Porta de Conde, Portas, (Caldas de Reis, Pontevedra) e faleceu en Cuntis (Pontevedra) o 24 de outubro de 1866. Está soterrado no Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago de Compostela.

Foi matemático, físico, topógrafo e político coñecido, sobre todo, por ser o autor do primeiro mapa topográfico e científico de Galicia.

Aos doce anos comezou os estudos de filosofía na Universidade de Santiago de Compostela. Estudou tamén hebreo, leis, teoloxía e ciencias exactas.

En 1811 comezou a súa carreira de profesor como substituto do Catedrático de Retórica e Bellas Artes.

Durante o curso 1813-14 substituíu ao titular da Cátedra de Lóxica e Metafísica.

No curso 1814-1815 substituíu ao seu mestre José Rodríguez González na Cátedra de Matemáticas Sublimes, continuando nesta función ata 1818. En 1818 cubriu a Cátedra de Física experimental.

José Rodríguez González fora quen lle fixera a suxestión de realizar a triangulación xeodésica de Galicia para levantar a súa Carta Xeométrica.

En 1817 comezou os seus traballos de medición para realizar a Carta Xeométrica de Galicia, traballo no que se ocupou durante dezasete anos.

En 1834 rematou os traballos da Carta Xeométrica presentándolla oficialmente á Raíña Gobernadora María Cristina, quen a mandou imprimir, aínda que esta tarefa non se puido realizar ata o ano 1845 en París. Foi este o primeiro mapa realizado en España con métodos científicos e medicións matemáticas.

Foi nomeado Catedrático de Xeometría, Mecánica, Delineación e Aplicacións das artes.

En 1835 foi nomeado pola Raína , Director do Observatorio Astronómico de Madrid. Participou na creación da primeira fábrica de papel de Galicia, construída en Lousame en 1863. Tamén traballou no deseño do trazado da primeira liña de ferrocarril de Galicia en 1858, que uniu Santiago con Carril.



Obras:

- A súa principal obra é a Carta Xeométrica de Galicia.
- Fixo traballos sobre o ferrocarril.
- Tamén fixo traballos astronómicos.
- Traballos barométricos e termométricos.



Miguel Franqueira Varela, 3º ESO-B e Iván Sangiao Bao, 3º ESO-A.

Fontes:
http://www.fundaciondomingofontan.es/70274356
http://es.wikipedia.org/wiki/Domingo_Font%C3%A1n
http://bitacoradecora.galiciae.com/wp-content/uploads/2010/07/domingo-fontan.jpg
http://maps.google.es/maps?hl=es&tab=wl

JUAN JACOBO DURÁN LORIGA. Matemático.

Juan Jacobo Durán Loriga, naceu na Coruña o 17 de xuño de 1854 e morreu tamén nesta cidade o 3 de decembro de 1911.

Aos quince anos iniciou a carreira militar, despois de catro anos acadou o grao de tenente primeiro e ofrecéronlle desempeñar a Cátedra de Mecánica que non aceptou por motivos de saúde e sobre todo porque quería vivir na Coruña.

Cando foi destinado á súa cidade natal deixou o exército sendo comandante. Durante moitos anos dedicouse ao estudo e ensinanza das matemáticas.

Juan Jacobo Durán Loriga

A Coruña, 1854-1911

Matemático

Reconocido por sus trabajos sobre curvas y la geometría del triángulo. Fue comandante de Artillería y tras retirarse se dedico con pasión a la enseñanza de las matemáticas.

Miembro de la Real Academia de Ciencias de España, recibió la Medalla de Oro de la Exposición Internacional de Barcelona de 1888.

Algunhas das súas obras:

- Notas sobre geometría del triángulo.
- Tablas balística para el tiro directo.
- Sobre la potencia del triángulo.
- Nota sobre las funciones simétricas.
- Sobre un problema de Física.
- Teoría elemental de las formas algebraicas.

Realizou, ademais, múltiples traballos e colaboracións para un importante número de revistas especializadas en matemáticas, tanto nacionais como estranxeiras.







Carmen Acción González e Marta Rosende Regueiro, 3º ESO-C.

Fontes:

http://centros.edu.xunta.es/iesoteropedrayo.coruna/clube_matematico.htm
http://www.galegos.info/juan-jacobo-duran-loriga
https://maps.google.es/

JUAN JACOBO DURÁN LORIGA. Matemático.

Juan Jacobo Durán Loriga naceu na Coruña o 17 de xuño de 1854 e morreu nesta mesma cidade o 3 de decembro de 1911.

Aos 15 anos ingresou na academia de artillería, da que saíu catro anos máis tarde co grao de tenente primeiro.

Pouco despois foi proposto para desempeñar a cátedra de mecánica, que rexeitou porque quería permanecer na Coruña. Deixou o exército sendo comandante.

Fundou unha academia, situada no número quince da rúa da Amargura, para preparar o ingreso no exército e nas escolas de arquitectura e enxeñería, sendo considerada a mellor de Galicia.

Duran Loriga gozou dun grande recoñecemento internacional por parte dos matemáticos da súa época, cuestión que quedou patente co número de amigos que tivo no campo das matemáticas. Entre os libros da súa biblioteca atopáronse varios exemplares con dedicatorias manuscritas dos seus autores. Ademais, pedíronlle en múltiples ocasións artigos e traballos para seren publicados en revistas de diversas nacionalidades, traballos que sempre eran redactados por el mesmo na lingua de publicación de ditas revistas.

Juan Jacobo Durán Loriga

A Coruña, 1854-1911

Matemático

Reconocido por sus trabajos sobre curvas y la geometría del triángulo. Fue comandante de Artillería y tras retirarse se dedico con pasión a la enseñanza de las matemáticas.

Miembro de la Real Academia de Ciencias de España, recibió la Medalla de Oro de la Exposición Internacional de Barcelona de 1888.

Referencia á súa obra:

Escribiu manuais sobre balística como:

Tablas balísticas para el tiro directo.
Tablas balísticas para el tiro curvo.

Pero a maioría dos seus libros son sobre matemáticas, como:

Teoría elemental sobre formas algebraicas.
Notas sobre el triángulo.
Una conversación sobre la matemática.

O 4 de xullo de 1917, Don Maneul María Puga y Parga, alcalde da Coruña da época, fixo una proposición para dedicar una rúa da cidade á memoria de Durán Loriga. A idea era cambiar o nome da rúa da Amargura, onde Durán Loriga tivera a súa academia. Decidiuse finalmente que sería una das rúas da zona do ensanche, hoxe atópase entre as de Santa Catalina e Juana de Vega.





Esteban Merino González 3º ESO-A.
Antón Varela Juiz 3º ESO-B.

Fontes:
http://issuu.com/tetractis/docs/jj_dur_n_loriga

RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA

Matemático e astrónomo.

Ramón María Aller Ulloa naceu no Pazo de Filgueiroa (Lalín, Pontevedra) o 3 de febreiro de 1878.

Estuda bacharelato no colexio dos Xesuitas de A Guarda ata que en1894 ingresa no Seminario de Lugo onde, aos 20 anos de idade, obtén a licenciatura e o doutoramento en Sagrada Teoloxía.

Ordenouse sacerdote en 1900 pero fíxose a promesa de non acceder a ningún cargo relixioso nin recibir polo seu ministerio sacerdotal ningunha clase de retribución.

No curso 1899-1900 inicia os estudos de Ciencias Exactas na Universidade de Oviedo. Estando en segundo traslada a matrícula á Universidade de Madrid, onde remata a carreira en 1904.

Ao rematar a carreira volve para Lalín onde se vai dedicar á súa gran vocación: a astronomía.

Desde os 18 anos, dispoñía dun anteollo astronómico e dun teodolito construído en Londres. Con estes dous aparellos monta na galería da súa casa o seu primeiro observatorio astronómico facendo observacións moi precisas e sistemáticas. Esta maneira tan científica de traballar permitiulle comezar a publicar os seus traballos en importantes revistas.

En 1917 constrúe dúas casetas de madeira para colocar nelas o seu instrumental coa finalidade de realizar máis comodamente o seu traballo. Estas instalacións poden ser consideradas coma un verdadeiro observatorio onde Ramón Aller leva a cabo moitas e importantes investigacións.

O terceiro paso na mellora das súas instalacións ten lugar en 1924 cando se rematan as obras de construción dun novo observatorio de pedra que dispoñía de cúpula para facer observacións. Ao antigo instrumental engádense novas adquisicións entre as que destaca un telescopio ecuatorial da firma alemá Steinheil.

Utilizando ao máximo todas as utilidades do seu novo instrumental fai importantes traballos, que son publicados en prestixiosas revistas, sobre estrelas dobres, superficies de planetas, posición de cometas, cálculo de órbitas...

En 1940 comezou o seu traballo como profesor de Xeometría Analítica e Análise Matemático da Universidade de Santiago de Compostela e para Compostela marchou tamén o seu observatorio, doando á Universidade todos o seu instrumental.

En 1944 creouse a Cátedra de Astronomía da Universidade de Santiago, encargándose dela Don Ramón Aller.

En 1948 Ramón Aller foi nomeado membro da Comisión de Estrelas Dobres da Unión Astronómica Internacional (IAU) na Asemblea Xeral desta organización que tivo lugar en Zürich.

Debido a que caeu enfermo, regresou para Lalín en1964 e alí faleceu o 28 de marzo de 1966 á idade de 88 anos.

Ramón María Aller Ulloa foi a autoridade astronómica máis importante do século XX en España. Na súa honra, un dos cráter da Lúa leva o seu nome.

Ramón María Aller Ulloa

Lalín (Pontevedra) 1978 - 1966

Astrónomo

Fue el primer científico español que estudió las estrellas dobles. Autor de "Astronomía a simple vista", un manual para iniciarse en la observación del cielo.

Un cráter de la Luna lleva el nombre de Aller, debido a su prestigio científico internacional. Fue catedrático y director del Observatorio Astronómico de la Universidad de Santiago.

Referencia á súa obra:

- Publicou decenas de artigos en revistas especializadas nacionais e estranxeiras.
- Algoritmia. Principios fundamentales de la ciencia de los números.
- Nuevos métodos en observaciones de pasos (a partir da súa tese de doutoramento).
- Introdución a la Astronomía.
- Astronomía a simple vista.





Diego Vila Freire. 3º ESO-A.

Fontes:
http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=237
http://www.usc.es/astro/allergall.htm
http://www.ragc.cesga.es/RRAGC/revista2011/pdf/Aller.pdf

BENITO JERÓNIMO FEIJOO MONTENEGRO.
Divulgador Científico.

Naceu o 8 de outubro de 1676 no pazo de Casdemiro, parroquia de Santa María de Melias (Pereiro de Aguiar, Ourense). Foi fillo de Don Antonio Feijoo Montenegro y Sanjurjo e Dona María de Puga Sandoval Novoa y Feijoo.

Iniciou os seus primeiro estudos no Real Colexio do Mosteiro de San Estevo de Rivas de Sil. Pata trasladarse aos 14 anos ao Mosteiro de Samos onde é ordenado frade da Orde Beneditina aos 16 anos.

Estivo despois nos mosteiros de Salamanca e León e logo nos de Poio e Lérez, onde foi mestre de Frei Martín Sarmiento.

Gañou por oposición unha cátedra de Teoloxía na Universidade de Oviedo e alí residiu dende 1709 ata o falecemento o que tivo lugar o 26 de setembro de 1764, cando faltaban escasos días para que cumprise oitenta e oito anos de idade.



Referencia á súa obra:

Foi un dos máis grandes filósofos en lingua castelá. É considerado como o iniciador en España de diversas disciplinas: filosofía, ensaio, periodismo... Escribiu sobre multitude de materias e temas: Política, socioloxía economía, medicina, historia, xeografía, dereito, ciencias da natureza, física, matemáticas. Foi un verdadeiro divulgador científico.

A súas obras máis coñecidas e difundidas, que foron traducidas a varios idiomas son: Teatro crítico universal e Cartas eruditas y curiosas.

Algunhas partes desas obras están dedicadas ás matemáticas: Paradojas Matemáticas, Sobre el Sistema Copernicano, Del sistema Magno...

Tratou tamén temas de óptica e sobre a forma da Terra.





Candela Castro Garrido e Andrea Vázquez Basanta. 3º ESO-B

Fontes:

http://www.fgbueno.es/edi/feijoo.htm
http://www.filosofia.org/feijoo.htm
http://es.wikipedia.org/wiki/Benito_Jer%C3%B3nimo_Feijoo

JOSE CORNIDE SAAVEDRA. Xeógrafo, naturalista, historiador e poeta lustrado.



José Andrés Cornide de Folgueira y Saavedra naceu na Coruña o 25 de abril de 1734 e morreu en Madrid o 22 de febreiro de 1803. De orixe nobre, herdou a fortuna do seu tío o que lle permitiu unha independencia económica e de opinión.

Estudou Humanidades na Universidade de Santiago de Compostela.

Foi rexedor da cidade da Coruña en 1763, fundador da Academia de Agricultura del Reino de Galicia en 1765.

En 1789 marchou para Madrid e deixou todos os seus cargos en Galicia. Tamén foi o primeiro secretario perpetuo da Real Academia de la Historia (1802-1803).

Ao longo da súa vida realizou completos estudos sobre historia, xeografía e economía, fundamentalmente de Galicia, ademais de cultivar literatura, tanto en lingua española como en lingua galega, aínda que os seus poemas na nosa lingua actualmente son descoñecidos.

A súa preocupación pola ciencia, a economía, a historia, o dereito e a literatura, fan del un fiel representante dos grupos ilustrados de fins do século XVIII.



Referencia á súa obra:

Foi autor de numerosas estudos arqueolóxicos, históricos, económicos, botánicos e zoolóxicos que se atopan repartidos entre o Arquivo do Reino de Galicia, a Real Academia de la Historia, a Biblioteca del Consulado e outras institucións. Citamos:

- Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia (1774).
- Ensayo para una historia de los peces y otras producciones marítimas de las costas de Galicia, arreglado al sistema del caballero Carlos Linneo (1788).
- Las Casitérides, o Islas del Estaño, restituídas a los mares de Galicia. Disertación crítica en que se procura probar que estas islas no son las Sorlingas, como pretende en su Britania Guillermo Cambden, y sí las de la costa occidental del reino de Galicia. (1790).
- Investigaciones sobre la fundación y fábrica de la llamada Torre de Hércules situada a la entrada del puerto de La Coruña. (1792)
- Viajes de don José Andrés Cornide de Folgueira al contorno de Madrid desde 1789 hasta 1793.
- Estado de Portugal en el año 1800.
- Ensayo de una descripción física de España (1803)
- Catálogo de palabras gallegas





Pablo Cobas Ares 3º ESO-A e Adae Lado Rodríguez 3º ESO C.

Fontes:

http://www.lllf.uam.es/~fmarcos/informes/BNArgentina/catalogo/cornides.htm
http://hum236.cdf.udc.es/ahdi/downloads/cornide.pdf
http://es.wikipedia.org/wiki/Jos%C3%A9_Andr%C3%A9s_Cornide_de_Folgueira_y_Saavedra

RAMÓN DE LA SAGRA PERIS. Sociólogo, economista e botánico.

Ramón de la Sagra Peris, sociólogo, economista, escritor, botánico e político galego, naceu na Coruña o 8 de abril de 1798. Fillo de Lorenzo de la Sagra e Antonia Peris.

Os seus primeiros estudos realizounos na Escola de Náutica da Coruña durante os anos 1812 e 1813. Matriculouse nun colexio militar de Santiago de Compostela en 1815 e un ano despois na Universidade de Santiago, onde recibiu clases de matemáticas sublimes. A partir de 1817 comezou os seus estudos de Medicina e Anatomía.

En 1819 marcha para Madrid e comeza a súa colaboración coa revista Crónica Científica e Literaria. Fundou El Conservador e participou na fundación do Ateneo Español.

En 1821 viaxou a Cuba e un ano despois, estando xa de volta en España, creouse unha Cátedra de Historia Natural en La Habana e nomeárono para que se fixese cargo dela. Alí iniciaríanse as súas actividades científicas marcando como obxectivos levar a cabo recoñecementos das producións naturais e propiciar a ensinanza das ciencias.

En 1823 marchou de Galicia para Cuba, acompañado pola súa esposa. Desde a súa chegada a Cuba creou e dirixiu o Jardín Botánico e a Institución Agrónoma da Habana.

Estas tarefas permitíronlle, en gran medida, avanzar cara o obxectivo de sentar as bases para a institucionalización da ensinanza da Botánica en función da agricultura do país.

En 1829 foi autorizada por Real Orden a creación da Institución Agrónoma que impulsou a diversificación dos cultivos e mecanización agrícola para trata de mellorar as prácticas rurais, o logro da autosubsistencia e a combinación da agricultura e a gandaría nas pequenas estancias.

Esta “granxa piloto” foi instalada, en 1831, nos terreos coñecidos como os *Molinos del Rey*, na saia da *Loma del Príncipe* da Habana. Neste mesmo ano de 1931 Ramón de la Sagra deu a coñecer a súa *Historia Económico-política de la Isla de Cuba*.

Por estes anos 30, Ramón de la Sagra comeza a pensar no seu regreso a Galiza. En 1935 deixa a Illa de Cuba e viaxa polos Estados Unidos.

A finais de 1836 instálase en París, realizou importantes contribucións científicas e viaxa por Europa. Estando en París foi elixido deputado a Cortes pola provincia da Coruña, regresa a Madrid a finais de 1837.

Por este tempo comezou a publicar a súa obra *Historia física, política y natural de la Isla de Cuba*, obra que ocupa trece volumes publicados entre 1838 e 1857.

En agosto de 1859 viaxou novamente a Cuba, e recolleu datos para actualizar a súa obra magna, e así publicou *Cuba en 1860* dous anos máis tarde.

Regresou a España, retornou logo a París, e en 1868 estableceuse definitivamente en Suíza, onde faleceu en 1871.

Ramón de la Sagra
A Coruña, 1798 - Neuchâtel (Suiza), 1871
Botánico
Director del Jardín Botánico de la Habana. Allí investigó la aplicación de la botánica a la agricultura, para mejorar el cultivo de la caña azucarera, el café y el tabaco.

Autor de numerosos trabajos científicos, fruto de sus viajes por América y Europa. Destaca su obra sobre la Historia Natural de la isla de Cuba.

Referencia á súa obra:

- Principios fundamentales para servir de introducción a la Escuela Botánica Agrícola del Jardín Botánico.
- Historia económica-política y estadística de la Isla de Cuba.
- Historia física, política y natural de la Isla de Cuba.
- Memorias de la Institución Agrónoma de La Habana.
- Cinco meses en los Estados-Unidos de la América del Norte.
- Banque du Peuple. Théorie et pratique de cette institution, fondée sur la théorie rationelle
- Lecciones de economía social.
- Investigaciones para enriquecer las fincas del Real Patrimonio.
- Álbum de aves cubanas.
- Notas de viaje escritas durante una corta excursión a Francia, Bélgica y Alemania en el otoño de 1843.

- Révolution économique, causes et moyens.
- Sur les conditions de l'ordre et des reformes sociales.
- Le mal et le remède.
- Noción del poder.



Laura Rico Garazo e Irene Pernas Gómez 3º ESO-B .

Fontes:
http://es.wikipedia.org/wiki/Ramón_de_la_Sagra
http://www.ecured.cu/index.php/Ramón_de_la_Sagra_Periz

VICTOR LÓPEZ SEOANE. Naturalista.



Naceu en Ferrol o 28 de setembro de 1832 e faleceu o 11 de xuño de 1900. É un dos máis importantes naturalistas galegos do século XIX.

Obtivo o seu título de bacharelato en Filosofía en Santiago de Compostela en 1851, seguiu cos seus estudos iniciando a carreira de Medicina na Universidade Central de Madrid, e acabou a carreira en Santiago en 1859.

Sen embargo, desde moi pequeno mostrou moito interese pola bioloxía; por exemplo, nos seus anos de estudante xa coleccionaba espécimes para o museo de Historia Natural de Santiago, despois conseguiu o grao de bacharelato en Ciencias.

Casou con Francisca Rioboo, que lle motivou para deixar o seu emprego de medicina militar, para ir estudar a Oviedo a carreira de Dereito (1874).

A súa situación económica acomodada permitiulle viaxar por toda Europa, onde se relacionou con grandes biólogos como Saussure ou Lange, e incluso recibiu unha carta de Charles Darwin.

Foi membro da Real Academia Española de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales.

Realizou grandes colecciónes de fauna e flora que el mesmo cualificaba das mellores de Europa.



Algunhas das súas obras:

- Fauna Mastológica de Galicia (1861-1863).
- Revisión del Catálogo de Aves de Andalucía (1870).
- Reseña de Historia Natural de Galicia (1870).
- Colabora na *Historia de Galicia* de Murguía e Vicetto (1870).
- Aves Nuevas de Galicia (1870).
- Notas para la Fauna Gallega (1878).
- Examen crítico de las perdices de Europa, particularmente de las de España y descripción de dos nuevas formas de Galicia (1891).
- Bosquejo histórico de la Botánica Española (1897).





Pedro Béjar Koen e Iago Castanedo Gantes. 3º ESO-C.

Fontes:
http://www.biologia-en-internet.com/fteixido/s-xix/victor-lopez-seoane-1832-1900/
http://es.wikipedia.org/wiki/V%C3%ADctor_L%C3%B3pez_Seoane
http://maps.google.es/

JOSÉ RODRÍGUEZ MATÍNEZ. Médico.

José Rodríguez Martínez, fundamentalmente coñecido como *Médico Rodríguez*, naceu en Monelos (daquela Concello de Oza), A Coruña, o 29 de xullo de 1856 e morreu, tamén en A Coruña, o 18 de marzo de 1921.

Foi político, escritor, xornalista, publicista e un importante médico.

Seu pai, Don José María Rodríguez Paz, casou dúas veces e José Rodríguez Martínez foi froito do seu segundo matrimonio con Rosa Emérita Martínez Mosquera.

Estudou bacharelato na Coruña, dende 1867 ata 1872.

Comezou a súa carreira na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela. Licenciouse en 1880 e, a pesar de non ser un alumno de brillantes notas, destacou sempre pola súa intelixencia e a súa vocación por sandar enfermos.

Visitou diversos países de Europa en viaxe de estudos e, estando en Alemaña, salvou da morte a unha paciente que tiña púrpura hemorráxica.

A súa maior virtude sempre foi o optimismo que tiña diante dos enfermos, aos que trataba dunha forma moi cariñosa.

Casou aos 21 anos con Josefa Salgado e tiveron cinco fillos.

Na cidade de A Coruña, sempre tivo un gran prestixio como médico, sobre todo entre as xentes humildes. Todo o mundo o coñecía e a súa casa estaba aberta todos os días a calquera hora para todo aquel que quixese facer uso dos seus servizos.

Suxeriu instalar un Sanatorio en Oza. Ao principio a proposta non foi ben recibida, pero a súa idea acabou facéndose realidade por ser algo necesario e útil.

A pesares de non ter o título de cirurxián realizou numerosas intervencións de urxencia grazas a súa habilidade manual.

Coa epidemia de cólera de 1885, marchou a Valencia e alí axudou aos médicos do lugar a curar aos enfermos. Por este motivo , o concello de Valencia outorgoulle diversos galardóns como a Cruz Benéfica.

Sentía unha gran admiración pola democracia e durante o tempo que foi político realizou numerosos actos para axudar ás persoas máis humildes.

Na súa faceta de periodista, foi redactor xefe de *La Voz de Galicia*, fundou varias revistas e colaborou con numerosos periódicos. Tamén escribiu varios folletos publicitarios e un libro de cociña, *Para enfermos, sanos y débiles*, xusto antes de caer enfermo de carcinoma de garganta.

José Rodríguez Martínez

A Coruña. 1856 - 1921

Médico

Estudioso de la enfermedad del cólera y de sus epidemias, que asolaban España a finales del siglo XIX. El "Médico Rodríguez" trabajó también en la prevención de la tuberculosis.

Fue, en su tiempo, el médico con más prestigio de Galicia; el preferido por los aristócratas y el más admirado por el pueblo. Su fama lo convirtió en una figura clave de la vida política de A Coruña.

Algunhas das súas obras:

- Valencia-Galicia, estudio práctico acerca del tratamiento más eficaz del cólera morbo asiático, método seguido en la epidemia colérica de Valencia del presente año, 1885.
- De La Coruña a la cárcel, 1893.
- Los desastres y la regeneración de España, 1893.
- Defensa contra la tuberculosis, 1905.
- Solidaridad Gallega. Los grande simuladores y el médico Rodríguez, 1908.
- Manual completo de la gripe, 1918.
- Colón español, hijo de Pontevedra, 1920.





Monumento ao Médico Rodríguez na Praza de Ourense da Coruña

Sara Carracedo Ruberte e Martín Lema Pailos. 3º ESO-A.

Fontes:
A mellor información utilizada foinos facilitada pola Biblioteca de Estudos Locais da Coruña.
-Galeria de médicos ilustres galegos.
- Biografías coruñesas.
http://gl.wikipedia.org/wiki/Jos%C3%A9_Rodr%C3%ADguez_Mart%C3%ADnez
http://callejero.hispavista.com/a-coruna_medico-rodriguez_calle

ROBERTO NÓVOA SANTOS. Médico.



Roberto Nóvoa Santos naceu na Coruña o 6 de xullo de 1885. Foi fillo único dun matrimonio humilde. Seu pai, Ramón Nóvoa Gutiérrez, era sarxento segundo de artillería a pé, destinado en Mugardos, e súa nai, Rita Santos Varela nacera en Rutis, Vilaboa.

Estudou na Universidade de Santiago, da que chegou a ser Catedrático de Patoloxía (1912 – 1927).

Obtivo tamén a mesma praza na Universidade Central de Madrid en 1928; alí comezou unha carreira científica que lle levou a ser un dos mellores investigadores do país.

Previamente á obtención da Cátedra na Universidade de Compostela, en 1911, fixo estudos de Fisioloxía e Patoloxía en Francia, Austria e Alemaña.

Chegou a escribir case duascentas obras de contido médico. Foron moi importantes as súas investigacións sobre a diabetes. No seu haber está a fundación e dirección de varias revistas de divulgación científica.

Participou en política, pois foi deputado na Deputación da Coruña durante a ditadura de Primo de Rivera e posteriormente deputado nas Cortes Constituíntes de 1931 representando á Federación Republicana Galega da Coruña.

Faleceu en Santiago de Compostela o 9 de decembro de 1933, con só 48 anos.

Ao ano seguinte da súa morte, o Concello da Coruña , dedícalle unha rúa sendo alcalde Alfredo Suárez Ferrín. Está situada nun barrio que se caracterizou durante anos polo seu ambiente mariñeiro ao atoparse cerca do porto e nela vivían moitos traballadores do mar.

Nóvoa Santos é o médico coruñés que máis achegas fixo á ciencia médica.



Velaquí algunhas das súas obras:

- La indigencia espiritual del sexo femenino.Valencia, 1908.
- Alcance y sistematización de las cromorreacciones de los albuminoides (tese de doutoramento). Madrid, 1911.
- Manual de Patología General. Santiago de Compostela, 1916.
  (A súa obra máis importante, cualificada como obra mestra por algún sabio da época como Gregorio Marañón).
- Sistema linfático y sistema nervioso vegetativo. Santiago, 1919.
- Tratamiento de la diabetes mellitus. Madrid, 1920.
- El problema del Mundo Interior. Santiago de Compostela, 1920.
  (discurso inaugural do curso 1920/21).
- Physis y Psyquis. Santiago de Compostela, 1922.
- Enfermedades de la nutrición, en el Tratado Iberoamericano de Medicina Interna. Madrid, 1923.
- Estudios sobre la asimetría funcional del sistema nervioso. Santiago de Compostela, 1926.
- El Instinto de la muerte. Madrid, 1927.
- La mujer, nuestro sexto sentido y otros esbozos. Madrid, 1928.
- Diabetes espuria y diabetes genuina. Madrid, 1930
- Cuerpo y espíritu. Madrid, 1930.
- La inmortalidad y los orígenes del sexo (Una inquisición biológica), Madrid, 1931.
- Patografía de Santa Teresa y el Instinto de la Muerte, Madrid, 1932.
- El advenimiento del hombre y otras conferencias, Madrid, 1933.

Fontes:

http://es.wikipedia.org/wiki/Roberto_Novoa_Santos
http://blogs.laopinioncoruna.es/callejero/
http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/galeria_comentada.
http://www.blogoteca.com/viaxesolostregho/index.php?cod=66583
http://www.fu1838.org/eng/noticies.php?id=31
http://www.agapea.com/libros/Roberto-Novoa-Santos-9788489748248-i.htm
http://a-coruna.callejero.net/calle-de-novoa-santos.html





Caricatura de Nóvoa Santos, feita por Carlos Maside.

Santiago Mendoza Cortés e Rodrigo Villar Bello. 3º ESO-B